

SECRETARIA

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión do Pleno do Concello 27.07.2015	Ref. 10/2015
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE XULLO DE 2015

No Salón de actos do Pazo de Mos, sendo as 10:00 horas do día 27 de xullo de 2015, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez

Polo grupo municipal de GañaMos:

D. Francisco Vázquez Troitiño
D. Miguel Angel Rodríguez Alonso
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva
D^a. M^a Aurora Giráldez Leirós

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Alfonso Parada Fernández
D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Emilio Muiños Pumar

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

Secretario accidental,
Víctor Rodríguez Pérez

Interventor,
Sergio Rodríguez Pérez

SECRETARIA

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións anteriores (13 e 22 de xuño).

Iniciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, a acta da sesión celebrada con data 13 de xuño de 2015, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O Sr. Parada Fernández pide que se recolla a forma de xuramento literal dos concelleiros.
A Sra. Alcaldesa di que tamén o pediu ela por escrito.

O Sr. Muiños Pumar pregunta porque di que é no salón de actos do Concello cando é no salón de actos do Pazo.
Respondéselle que se trata dun erro.

Con estas dúas modificacións aprobase a acta do 13 de xuño por unanimidade.

A continuación sométese a aprobación a acta do 22 de xuño de 2015, aprobándose por unanimidade dos membros da Corporación.

(No transcurso deste punto incorporase ao Pleno o Sr. Méndez Lago)

2. Dación de conta da aceptación dos concelleiros/as con dedicacións exclusivas.

Dáse conta da aceptación por parte dos concelleiros e concelleiras das dedicacións exclusivas.

O Pleno queda enterado.

3. Dación de conta dos membros integrantes das comisións informativas.

Dáse conta dos membros integrantes das comisións informativas.

O Pleno queda enterado.

SECRETARIA

4. Aprobación dos festivos locais para o ano 2016.

Explícase que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, celebrada o 22 de xullo de 2015.

O Sr. Vázquez Troitiño di que consideran razoable, no ano 2016, ao caer San Mamede en domingo, a proposta do B.N.G. de substituír por outro día significativo no Concello polo que o Martes de Entroido é axeitado para 2016.

O Sr. Parada Fernández di que o seu grupo pensa que sería bo cambiar o festivo local de San Mamede, xa que ese día solo se celebra festa na parroquia de Torroso; que hai que ter en conta que as empresas tampouco pechan, polo que habería que pensar en cambialo para o martes de Entroido porque polo menos a xente disfrute cos cativos; sobre o 13 de xuño piden que os actos centrais sexan no fin de semana seguinte ao 13 de xuño para que a xente poida asistir.

O Sr. Aldea Moscoso sinala que seguen mantendo a proposta para que se cambie o 7 de agosto para o Martes de Entroido; pide que Aemos se impliquen un pouquiño mais e que fale cos seus socios para que respecten os festivos locais.

A Sra. Cebreiro Alonso indica que o seu grupo mantén a proposta de manter como festivo o día do patrón do Concello que ao ser domingo, pasaría ao luns 8 de agosto.

Non habendo mais intervencións, a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría de 9 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular e 3 do P.S.deG.-P.S.O.E e o voto negativo do grupo municipal GañaMos (3) e do B.N.G. (1), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Establecer como Festas Locais para a o ano 2016 as seguintes:

- 1) Festa da Rosa: Luns, día 13 de xuño.
- 2) San Mamede: Luns, día 8 de agosto.

Segundo.- Remitir o presente acordo á Delegación Territorial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

SECRETARIA

5. Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/15.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Facenda e Contratación, celebrada 22 de xullo de 2015.

Comeza a quenda de intervencións o grupo municipal GañiaMos, o voceiro cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Alonso que manifesta que o seu grupo se opón a este recoñecemento por dúas razóns: primeiro porque carece de consignación presupostaria e omitíndose a consignación previa, e a tramitación legalmente establecida, que o que se fixo foi trocar unhas obras que en principio corresponderían a un mesmo lote; e en segundo lugar as obras facturadas por saneamento carecen de soporte legal tamén porque neste momento o Concello non ten competencias neste ámbito xa que lle corresponden ao Consorcio do Louro e incluso aínda que no ámbito da colaboración se pretendera levar a cabo esas obras tería que haber un proxecto previo aprobado polo Consorcio; polo que se entende que se está nunha situación xa non irregular senón ilegal.

O Sr. Parada Fernández, di que efectivamente van obras de saneamento que corresponden a competencias do Consorcio, a isto hai que sumar o recoñecemento que se fixo en Xunta de Goberno tamén de obras de saneamento o que fai case cen mil euros que van para saneamento, cousa que está ben informado por intervención pero que no recoñecemento deberíase constar a mesma circunstancia de que é obriga do Consorcio e que non existe un proxecto previo presentado e por tanto autorización do Consorcio. Pensan que hai unha situación estraña xa que tamén figuran facturas do Consorcio polas que o Concello de Mos terá que pagar uns intereses por datas de pago vencidas que non figuran neste recoñecemento, polo que deberían ser retiradas esas facturas xa que senón entenden que sería un acordo nulo de pleno dereito.

O Sr. Aldea Moscoso expón que simplemente si se quere facer obras de saneamento que se orzamente, que se absterán xa que hai empresas e autónomos que teñen que cobrar e que a ineptitude do goberno non pode causar que non cobren.

O Sr. Augusto Martínez quere destacar que o saneamento é un servizo básico, ademais engade que no artigo 9 dos estatutos do Consorcio recóllese que os Concellos poden impulsar e seguir facendo obras necesarias, que a veces non son orzamentadas da forma necesaria porque xurden cousas que se teñen que facer como por exemplo unha reparación dun vial e hai que acometer o saneamento pero que están avaladas polo Consorcio e por informes dos técnicos; quere aclarar que non se trata dunha sola obra xa que son en distintas parroquias.

SECRETARIA

O Sr. Rodríguez Alonso incide que si son obras necesarias pero que non é escusa para non seguir os tramites legais; neste caso aínda que se diga que se trata de obras en distintos puntos, non son obras de distintos contratos porque son obras nun límite temporal moi corto e ca mesma empresa; en resumo pide que se leven a cabo os trámites legais.

O Sr. Parada Fernández manifesta que non poñen en dúbida a necesidade e premura das obras pero si que teñan que facerse a cargo do Concello de Mos solidariamente porque o Consorcio non ten medios xa que acaba de empezar, cando a xerencia puxo no seu coñecemento que unha parte de obras da Confederación ía a facelas o Consorcio polo que habería que pedirlle que non asuma obras doutras administración mentres non poida facer as dos propios concellos, e por último pide ao concelleiro que comprobe que nos outros concellos do Consorcio se actúa da mesma maneira.

O Sr. Augusto Martínez, quere responder que todas as obras teñen a aprobación previa do Consorcio que se revisan antes e despois polos técnicos do Consorcio e os do Concello; e que no resto dos Concellos do Consorcio séguense facendo obras.

A Alcaldesa quere deixar claro que non se omiten trámites xa que hai un interventor e un secretario, e que o informe do interventor en ningún momento di que fixera falla un negociado. Por último ofrécelle que coñeza tódolos tramos de saneamento para que comprobe que se traten de obras distintas.


A continuación, a Sra. Presidenta, somete o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor do grupo municipal do Partido Popular (9), co voto negativo do grupo municipal de GañaMos (4) e coa abstención do P.S.deG.-P.S.O.E.(3) e do B.N.G.(1), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Levantar o reparo da Intervención Xeral e aprobar as facturas da relación de xustificantes de gasto cuxos datos a continuación se expresan e ordenar o seu recoñecemento con cargo as partidas presupuestarias.



SECRETARIA

JUSTIFICANTE	JUS.EXTERNO	FECHA	PROVEEDOR	IVA	ESTADO	IMPORTE
2015	66000071	15/12	12/01/2016 B36239861 MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	N	Rel.Provi.	13.576,20
TEXTO:	S/FRA. NUM. 15/12 FECHA 12/01/2016 MANUEL PEREZ PORTELA PRO AMPLIACION DE RED SANEAMIENTO CAMIÑO ATALLO DE ABAIXO					
2015	66000072	15/013	12/01/2015 B36239861 MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	N	Rel.Provi.	7.896,27
TEXTO:	S/FRA. NUM. 15/013 FECHA 12/01/2015 MANUEL PEREZ PORTELA POR RED DE SANAMIENTO EN 3ª SANTA MARTA, PARALELA COLECTOR					
2012	66000793	17/2011	24/05/2011 76903332A GONZALEZ SANTOS, JUAN PABLO	N	Rel.Provi.	515,66
TEXTO:	S/FRA. NUM. 17/2011 FECHA 24/05/2011 JUAN PABLO GONZALEZ SANTOS POR MONTAJE Y EDICIÓN DVD CONSANTE LAGO (ASOMAMOS)					
2014	66000697	142	16/04/2014 B36239861 MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	N	Rel.Provi.	3.648,15
TEXTO:	S/FRA. NUM. 142 FECHA 16/04/2014 MANUEL PEREZ PORTELA, POR AMPLIACIÓN SANEAMIENTO MONTE DO COUTO CELA					
2014	66001004	166	27/05/2014 B36239861 MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	N	Rel.Provi.	15.924,45
TEXTO:	S/FRA. NUM. 166 FECHA 27/05/2014 MANUEL PEREZ PORTELA POR RED DE SANEAMIENTO CAMIÑO ATALLO DARRIBA SANTA MARTA-MOS					
2014	66001090	174	06/09/2014 B36239861 MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	N	Rel.Provi.	5.049,33
TEXTO:	S/FRA. NUM. 174 FECHA 06/09/2014 MANUEL PEREZ PORTELA POR RAMAL DE SANEAMIENTO PARQUE DE A LOGOA CELA					
2014	66001891	175	08/06/2014 B36239861 MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	N	Rel.Provi.	10.533,05
TEXTO:	S/FRA. NUM. 175 FECHA 08/06/2014 MANUEL PEREZ PORTELA POR RAMAL DE SANEAMIENTO CAMIÑO BARREIRO CELA					
2014	66001267	183	26/09/2014 B36239861 MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	N	Rel.Provi.	13.709,30
TEXTO:	S/FRA. NUM. 183 FECHA 26/09/2014 MANUEL PEREZ PORTELA S.L. POR AMPLIACION RED DE SANEAMIENTO CAMIÑO PEDRAPINTA STA.					
2015	66000159	1000077	17/12/2014 B36311603 HNOS RODRIGUEZ HOSTELERIA S.L.	N	Rel.Provi.	316,80
TEXTO:	S/FRA. NUM. 1000077 FECHA 17/12/2014 HNOS RODRIGUEZ HOSTELERIA S.L. POR SERVICIO CHOCOLATE CON ROSCA EL 17-12-2014.					
2015	66000436	AEX12	06/02/2015 B27738808 EXRODRIMOS S.L.	N	Rel.Provi.	239,58
TEXTO:	S/FRA. NUM. AEX12 FECHA 06/02/2015 EXRODRIMOS S.L. (ALB. 278) POR SERVICIO CAMION COLOCAR PIEDRA EN MURO C.V. LAMA					
2015	66000437	AEX13	06/02/2015 B27738808 EXRODRIMOS S.L.	N	Rel.Provi.	108,90
TEXTO:	S/FRA. NUM. AEX13 FECHA 06/02/2015 EXRODRIMOS S.L. (ALB. 279) POR SERVICIO COLOCAR PALA SACAR TIERRA EN C.V. FREIXO					
2015	66000438	AEX14	06/02/2015 B27738808 EXRODRIMOS S.L.	N	Rel.Provi.	219,82
TEXTO:	S/FRA. NUM. AEX14 FECHA 06/02/2015 EXRODRIMOS S.L. (ALB. 280) POR SERVICIO CAMION RECOGER MALEZA EN TAMEIGA CAMIÑO					
2015	66000496	306/2014	30/11/2014 B36251049 VICTORIO Y LAGO S.L.	N	Rel.Provi.	12,10
TEXTO:	S/FRA. NUM. 306/2014 FECHA 30/11/2014 NEUMATICOS VICTORIO Y LAGO S.L.U POR ARREGLO PINCHAZO C-9830-BL					
2015	66000503	42	21/01/2015 B36455525 COMERCIAL BUGARIN, S.L.	N	Rel.Provi.	45,50
TEXTO:	S/FRA. NUM. 42 FECHA 21/01/2015 COMERCIAL BUGARIN POR PALA SDS MAX MAKITA 100X400 PARA VIAS Y OBRAS					
2015	66000504	44	21/01/2015 B36455525 COMERCIAL BUGARIN, S.L.	N	Rel.Provi.	1.750,00
TEXTO:	S/FRA. NUM. 44 FECHA 21/01/2015 COMERCIAL BUGARIN POR HIDROLIMPIADORA BENZA EH 41 ROBIN 13,5 OD654127647 1149215					
2015	66000508	47	21/01/2015 B36455525 COMERCIAL BUGARIN, S.L.	N	Rel.Provi.	545,70
TEXTO:	S/FRA. NUM. 47 FECHA 21/01/2015 COMERCIAL BUGARIN POR PICADOR HITACHI H80 MC 2014 M740437 PARA VIAS Y OBRAS					
2015	66000536	223	11/09/2014 B36460707 CRISTALGRAN CRISTALERIA S.L.	N	Rel.Provi.	58,64
TEXTO:	S/FRA. NUM. 223 FECHA 11/09/2014 CRISTALGRAN POR VIDRIO COMPOSICION LUNA DE 4 MM PARA COLEGIO ATIN					
2015	66000538	01141011188172	30/10/2014 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	N	Rel.Provi.	41,16
TEXTO:	S/FRA. NUM. 01141011188172 FECHA 30/10/2014 GAS NATURAL SUR POR SUMINISTRO ENERGIA DEL 15-8 AL 21-10-2014 VIVIENDA					
2015	66000539	01141210878545	19/01/2015 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	N	Rel.Provi.	44,12
TEXTO:	S/FRA. NUM. 01141210878545 FECHA 19/01/2015 AS NATURAL SUR POR SUMINISTRO ENERGIA 21-10 AL 14-12 -2014 VIVIENDA ESCUELA					
2015	66000540	01150110953331	26/01/2015 A65067332 GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A.	N	Rel.Provi.	22,13
TEXTO:	S/FRA. NUM. 01150110953331 FECHA 26/01/2015 AS NATURAL SUR POR SUMINISTRO ENERGIA 14-12 AL 19-1-2015 VIVIENDA ESCUELA					
2015	66000580	LIQUIDACION	31/12/2014 S15000728 CONSORCIO GALEGO SERVIZOS SOCIAIS E	N	Rel.Provi.	273,42
TEXTO:	S/FRA. NUM. LIQUIDACION 577 FECHA 31/12/2014 CONSORCIO GALEGO SERVIZOS APORTACION ECONOMICA MUNICIPAL SERVICIO					
2015	66000795	CR-000107	30/01/2014 B27785368 TALLERES MARFEVI S.L.L.	N	Rel.Provi.	8,64
TEXTO:	S/FRA. NUM. CR-000107 FECHA 30/01/2014 TALLERES MARFEVI S.L.L. PASADOR R7 PARA CAMION 8154DPC					
2015	66000804	11501501P00915	02/03/2015 S3600054E CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO	N	Rel.Provi.	6,88
TEXTO:	S/FRA. NUM. 11501501P0091502 FECHA 02/03/2015 CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO POR SUMINISTRO AGUA SEPBRE-OCTUBRE 2014					
2015	66000805	11501501P00018	02/03/2015 S3600054E CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO	N	Rel.Provi.	5,64
TEXTO:	S/FRA. NUM. 11501501P000167 FECHA 02/03/2015 CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO POR SUMINISTRO AGUA SEPBRE-OCTUBRE 2014					
2015	66000823	04-0115-14	21/04/2014 B27749027 GALAICA VIGILANCIA S.L.	N	Rel.Provi.	328,70
TEXTO:	S/FRA. NUM. 04-0115-14 FECHA 21/04/2014 GALAICA POR CUOTA ANUAL SERVICIO MANTENIMIENTO CENTRAL ALARMAS DE ABRIL A					
2015	66000828	11501501P00016	02/03/2015 S3600054E CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO	N	Rel.Provi.	99,49
TEXTO:	S/FRA. NUM. 11501501P0001666 FECHA 02/03/2015 CONSORCIO AUGAS DO LOURO POR SUMINISTRO AGUA COLEGIO SANGUINEDA					
2015	66000847	11501501P0001	02/03/2015 S3600054E CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO	N	Rel.Provi.	29,80
TEXTO:	S/FRA. NUM. 11501501P0001662 FECHA 02/03/2015 CONSORCIO DE AUGAS DO LOURO POR SUMINISTRO SEPBRE-OCTUBRE 2014					
2015	66000868	143/2014	28/11/2014 J66039005 PATIO DE LUCES PRODUCCIONES S.C.	N	Rel.Provi.	829,20



SECRETARIA

	TEXTO:	S/FRA. NUM. 143/2014	FECHA 26/11/2014	PATIO DE LUCES PRODUCCIONES S.C.	ORGANIZACION DE "CURTAMOS COA VIOLENCIA"			
2015	66000899	236/2014	22/05/2014	B36103988	DEPORTES GONZALEZ, S.L.	N	Rel.Provi.	1.149,00
	TEXTO:	S/FRA. NUM. 235/2014	FECHA 22/06/2014	DEPORTES GONZALEZ	POR CAMISETAS ZICO, 2 CAMISETAS PORTERO, 20 PANTALON A			
2015	66001014	A/50	15/01/2015	B36024933	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	N	Rel.Provi.	3.702,60
	TEXTO:	S/FRA. NUM. A/50	FECHA 15/01/2015	CONSTRUCIONES VALE	CANALIZACION DRENAJE AMIEIROLONGO			
2015	66001028	2121325076	12/12/2012	A28782936	UNIPREX S.A.U.	N	Rel.Provi.	1.452,00
	TEXTO:	S/FRA. NUM. 2121325076	FECHA 12/12/2012	UNIPREX S.A.U.(ONDA CERO)	POR PROGRAMA EXTERIOR ESPECIAL FIESTA DE LA ROSA			
2015	66001093	A/150012	30/01/2015	B36463222	FLORISTERIA LOLA, S.L.	N	Rel.Provi.	27,50
	TEXTO:	S/FRA. NUM. A/150012	FECHA 30/01/2015	FLORISTERIA LOLA S.L.	POR RAMO DE MANO (OCTUBRE 2014) SUSANA ALONSO BTT			
2015	66001095	A/150014	30/01/2015	B36463222	FLORISTERIA LOLA, S.L.	N	Rel.Provi.	44,00
	TEXTO:	S/FRA. NUM. A/150014	FECHA 30/01/2015	FLORISTERIA LOLA	POR RAMOS FIESTA TERCERA EDAD			
2015	66001255	PO003554	31/12/2014	A36643874	RIAS BAIXAS COMUNICACION S.A.	N	Rel.Provi.	341,22
	TEXTO:	S/FRA. NUM. PO003554	FECHA 31/12/2014	RIAS BAIXAS COMUNICACION S.A.	POR PUBLICIDAD INSERTA EN ATLANTICO DIARIO EL			
2015	66001284	1150151POO2185	06/04/2015	S3600054E	CONSORCIO DE AGUAS DO LOURO	N	Rel.Provi.	6,45
	TEXTO:	S/FRA. NUM. 1150151POO21851	FECHA 06/04/2015	CONSORCIO AGUAS DO LOURO,	POR SUMINISTRO AGUA NOV-DCBRE 2014 OFICINAS			
2015	66001285	1150151POO2201	06/04/2015	S3600054E	CONSORCIO DE AGUAS DO LOURO	N	Rel.Provi.	18,32
	TEXTO:	S/FRA. NUM. 1150151POO22012	FECHA 06/04/2015	CONSORCIO AGUAS DO LOURO,	POR SUMINISTRO AGUA NOV-DCBRE 2014			
2015	66001286	1150151POO2201	06/04/2015	S3600054E	CONSORCIO DE AGUAS DO LOURO	N	Rel.Provi.	103,90
	TEXTO:	S/FRA. NUM. 1150151POO22016	FECHA 06/04/2015	CONSORCIO AGUAS DO LOURO,	POR SUMINISTRO AGUA NOV-DCBRE 2014 COLEGIO			
2015	66001649	A0000	14/05/2015	B88432094	PLAT ROTE S.L.	N	Rel.Provi.	18,50
	TEXTO:	S/FRA. NUM. A0000	FECHA 14/05/2015	PLAT ROTE POR MEDALLAS	DEPORTIVAS CAMEPONATO CANINO-OBEDIENCIA 2014 C.C.			
TOTAL SIN CONSIG.		0,00				IMPORTE TOTAL:		82.497,90

Segundo.- Que con cargo ás Partidas orzamentarias, se elaboren por parte dos Servizos de Intervención os Documentos Contables de recoñecemento da obriga.

Terceiro.- Que os documentos de recoñecemento da obriga se pasen aos Servizos de Tesourería.

(No transcurso deste punto incorporase ao Pleno o Sr. Rodríguez Dasilva)

6. Resolucions Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

7. Comunicacions de Alcaldía.

A Alcaldesa recorda que en Agosto é a festa local que a programación está, tanto por parte da comisión de festas como pola concellaría de cultura; e que o último domingo de agosto é a festa dos maiores.

SECRETARIA

8. Mocións:

8.1.Moción do grupo municipal do BNG sobre rebaixa dos pagos por asistencia a órganos de goberno

Na comisión informativa de Facenda e Contratación, celebrada 22 de xullo de 2015, ditaminouse a moción pola que propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“Exposición de Motivos

A situación económica no noso concello continúa sendo crítica, e moitos cidadáns o están a pasar mal. Os políticos que os representamos, debemos de ser conscientes desa situación, traballar para resolvelo, e non mirar para outro lado; debendo actuar como exemplo ante eles.

Neste momento, as asistencias a órganos de goberno, están por riba do que consideramos eticamente e moralmente aceptables. Por suposto non imos entrar en comparativas enganosas con outros concellos, xa que esta moción é só para o concello de Mos e non atinxe a ningún outro.

Estase dando a paradoxa de que cando hai plenos de 10 minutos, cóbrase o mesmo que cando hai un de 4 horas. Non é posible que cada un dos concelleiros cobren 190 euros por só eses breves minutos de asistencia. Non é isto un insulto a esas persoas que o están pasando mal?. O traballo político debe ser remunerado, pero adaptándose á realidade social existente. E nunca se debe utilizar a política para vivir dela.

A asistencia a Xuntas de goberno e comisións, xunto co pleno, estanse utilizando para que os concelleiros do goberno que non teñen dedicación exclusiva, leven ao final de mes un salario aproximado de 800 euros. Polo que proseguindo co noso sentir a este respecto, presentamos esta moción para que sexa tida en consideración polo pleno da corporación

ACORDO

Reducir os pagos por asistencia a órganos de goberno, quedando como a continuación se detalla:

- *Asistencia a comisións* : 35 euros. O concelleiro/a que teña que asistir a máis de dúas nun día, só cobrará polas dúas primeiras, pola asistencia á terceira e posteriores, non devengará ningún tipo de abono por asistencia.
- *Presidir comisións*: a persoa que presida unha comisión cobrará igual que calquera outro/a asistente á mesma, 35 euros.
- *Asistencia a xuntas de goberno*: 50 euros.
- *Asistencia a plenos*: 90 euros. Sempre que a duración do pleno sexa inferior a unha hora, deberase cobrar igual que a asistencia a unha comisión.
- *As comisións non poderán ser utilizadas só como dación de contas do traballo do goberno, se non que terán que tratarse ademais temas do pleno.*
- *En ningún caso, a suma das remuneracións recibidas polos cargos electos poderán superar o salario mínimo interprofesional correspondente a ese ano. “*



SECRETARIA

Sobre a emenda que consta do P.S.de G.-P.S.O.E. que di:

- *Aplicación dunha porcentaxe fixa de rebaixa do 33,5% ós seguintes órganos de goberno*
 - *Asistencia a comisión*
 - *Presidencia de comisión*
 - *Asistencia a Xunta de Goberno*
 - *Asistencia a plenos*
- *Aplicación dunha porcentaxe fixa de rebaixa do 33,5% a:*
 - *Retribución bruta anual do salario da alcaldesa*
 - *Retribución bruta anual do salario das dedicacións exclusivas.*
- *Establecer a obrigatoriedade de que as cantidades aforradas as arcas municipais anteriores sexan utilizadas, única e exclusivamente para redución de débeda bancaria.*
- *As comisións convocadas con orde do día unicamente composta por dacións de conta non serán retribuíbles.*

O Sr. Aldea Moscoso agradece a presentación da emenda pero non a aceptan xa que entenden que o que se propón xa se tratou no Pleno anterior e ademais non admiten que o aforro que supoña sexa para redución da débeda bancaria.

O Sr. Vázquez Troitiño di que apoian a Moción e quere comparar con Concellos limítrofes, como por exemplo Nigrán que dende o ano 2008 reduciu a su débeda de 6,5 a 1,5 millóns, que teñen 3 exclusivas e o gasto anual no grupo de goberno entre 150 e 200 mil; mentres que en Mos a débeda segue subindo, que hai 5 exclusivas e o gasto anual no grupo de goberno son 327.000 euros, e que o presuposto vaise fundamentalmente en pagar aos bancos; que o día de aprobación de actas gastouse 6000 euros polo que lle parece un despilfarro; en Nigrán hai 3 comisións informativas aquí hai 7; que o equipo de goberno o que practican é o caciqueo. Pide que se reflexione e frene o despilfarro.

O Sr. Parada Fernández considera que a súa proposta era mais ampla, pero que apoiarán a moción.

O Sr. Augusto Martínez di que se presentaron ás eleccións na que ensinaron o salario da Alcaldesa e dos concelleiros e o seu traballo e que ganaron as eleccións. Que as retribucións intentan compensar as horas que teñen que deixar o traballo, que si duran 5 minutos será porque a oposición queira, que en 10 anos subiuse 5 euros as asistencias a comisións informativas e o que se cobra amortízase con traballo. Que comparando o soldo da Alcaldesa supón o 1% do presuposto mentres que en Salceda supón o 4 e en Tomiño un 2,5%, o que corresponde a un custe por veciño de 5 euros, de 10 en Salceda e de 15 en Tomiño. Continua dicindo que aínda que o presuposto era de 2,5 millóns xestionáranse mais de dez millóns de euros doutras administracións pero para iso hai que traballar.

SECRETARIA

O Sr. Aldea Moscoso di que el quere rebaixar o seu propio soldo por iso presenta a Moción; que nas comisións o grupo de goberno non traballa e ao presidente da comisión quen lle fai o traballo son os funcionarios e mentres a oposición si que ten que ver todos os expedientes.

O Sr. Vázquez Troitiño di que o que se pretende non é non cobrar senón rebaixar e practicar a austeridade; que non é 1% do presuposto senón o 3,8% do presuposto da Corporación e mais da metade no grupo de goberno.

O Sr. Augusto Martínez di que eles demostran o que cobran con traballo e dedicación e pídelle ao Sr. Vázquez Troitiño que o demostre tamén con traballo.

A Alcaldesa di que en dous meses solo escoita falar do salario da alcaldesa pero non facer propostas. Que resulta que un día tiveron un gasto bruto de 6000 euros e isto ocorre cada catro anos, non é todos os días.

Tras o debate, sométese a votación quedando rexeitada a moción cos votos negativos do grupo municipal do P.P. (9) e co voto afirmativo do grupo municipal de Gañamos (4), do P.S.de G.-P.S.O.E (3) e do B.N.G. (1).

9. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o Sr. Vázquez Troitiño, di sobre a festa da terceira idade que considera que non debe incluír a misa porque hai xente de todas as relixións e que hai que buscar outros méritos para entrega dos trofeos que non é un mérito estar casado 50 anos senón que pode ser que se teña moito aguante.

Responde a Sra. Alonso Cebreiro que o seu grupo vai defender a misa xa que aínda que non é obrigatoria vai quen quere e que o entregarlle un agasallo é unha forma de homenaxear a esas parellas.

O Sr. Rodríguez Alonso este grupo solicitou acceso o expediente do PXOM con presenza do arquitecto municipal e que aínda non se contestou.

A Alcaldesa di que sen problema pero que estaba de vacacións o arquitecto pero canto antes mellor.

O Sr. Rodríguez Dasilva pídelle ao Sr. Augusto Martínez que cando queira dar explicacións de algo que el non defende que non o poña de exemplo xa que os esforzos que teña que facer para dedicar tempo ao Concello non lle importan mais que ao seu grupo.

Pregúntalle á concelleira de Medio Ambiente porque se demorou tanto a contratación da Brigada Contraincendios e cando se asinou o convenio coa Consellería. E que non entende que as cuadrillas teñen contrato ata setembro e sen embargo os condutores de motobomba ata novembro.

SECRETARIA

Respóndelle que non se demorou senón que foi o primeiro Concello en poñelo en marcha, sobre a firma do convenio non se acorda exactamente de cando foi. Explica que o tempo de contratos é algo novo, ata agora sempre foron tres meses para todos e este ano teñen esa novidade.

A Sra. Giráldez Leirós pregunta si a festa da empanada de millo a xestionan as mulleres rurais.

Contesta a concelleira de cultura que as mulleres rurais colaboran.

O Sr. Parada Fernández pregunta por un recoñecemento extraxudicial, con informe negativo de interventor, de pagamentos dos seguros dos vehículos, senón habería forma de sacalo a concurso.

Responde a Alcaldesa que se están preparando as bases para sacalos a concurso.

Pregunta pola situación do expediente sancionador da nave de Campos.

Dáselle a palabra ao Sr. Secretario que explica que fallaron sentenza no TSJ dando a razón ao Concello para execución subsidiaria e agora haberá que contratar a obra de demolición.

O concelleiro quere poñer en coñecemento que nunha parte da nave hai actividade polo que pide que se envíe a policía local.

Roga que xa que hai unha páxina de facebook do Concello de Mos, a que soamente poden subir noticias o equipo de goberno, que as asociacións se poidan dirixir a unha dirección para colgar a información.

Responde a Alcaldesa que o que se pretende é darlle mais difusión a información do Concello e que coas asociacións está funcionando igual que para a páxina web.

Sobre a apertura do segundo sobre para arrendamento de parcela da antiga Cepsa, que pasaría se o Concello ten que facer fronte a unha indemnización se gaña o recurso presentado a Comunidade de Montes de Tameiga.

A Alcaldesa di que o que se pretende é mantela o mellor posible

O Concelleiro pide que se faga constar as empresas, o recurso e que se limite o prazo.

Roga que se leve a cabo o proceso para que se lle esixa á empresa que saque de alí a documentación xa que conteñen datos particulares.

Sobre a licenza de radio di que é nulo de pleno dereito, pregunta como está ese expediente.

Responde a Alcaldesa que se retomará.

Roga que se retome o traballo de ordenanza de furanchos, e tamén sobre os carteis indicativos das empresas no que se recolla o número, o tamaño, etc.

Pregunta sobre o terreo que está diante da parada de taxis en Puxeiros.

Responde a concelleira Sra. Monzón Otero que os taxistas están pendentes de que Telefónica cambie o punto de telefonía.

SECRETARIA

Sobre a nova gasolinera, manifesta que segundo o informe dos técnicos municipais parece que teñen que cumprimentar documentación, e que si ten iniciada a actividade terá que paralizarse ata que cumpra.

Responde a concelleira de urbanismo que o que se lle fai é un requirimento.

Engade o secretario que o proxecto reformado xa obtivo licenza e que agora teñen requirimento dunhas autorizacións.

Pregúntase si a nova concellaría de coordinación das asociacións veciñais significa que o Concello, como representante dos veciños, vai a poñerse diante cando eles reclamen a Xunta de Galicia.

Respondéselle que cando se está de acordo si, que o concepto é o traballo co Concello.

Inquire se na concellaría de mobilidade se inclúe a accesibilidade.

Responde a Alcaldesa sempre se levou desde Benestar.

A **Sra. Pérez Ucha** solicita información sobre si hai actividade na antiga empresa de Tecnicartón.

Respondese que se descoñece.

Cando se vai a arranxar a entrada principal a Cela.

Responde a Alcaldesa que será cando se poida.

Pregunta cando se asfaltarán o tramo que quedou na de Generoso Domínguez, que si se fixeron varias entradas pero non iso.

Contesta a Alcaldesa que o ten que facer a empresa que fixo a obra e que está pendente.

Comunica que arredor do cemiterio municipal de Torroso estanse facendo vertidos.

As escaleiras do local social de Cela levan pechada meses por o muro que se ten que facer por execución subsidiaria.

Responde o Sr. Secretario que o muro como non deron autorización os propietarios para entrada no domicilio pediuse ao Xulgado e aínda non contestou.

Si hai algunha solución para os coches que aparcan no colexio privado que hai en Cela.

A Sra. Alcaldesa di que están vendo o tema o concelleiro de Cela, a concelleira de Educación e representantes do colexio.

Roga que se poña un espello na entrada das dúas casas que quedan cara a dentro.

Pide información sobre a posibilidade de rampa no Colexio de Atín.

Responde a concelleira de educación que a rampa non é viable.

SECRETARIA

No Decreto 221 quen interpón a denuncia.

Explica o secretario que se trata dunha señora que non está conforme co acordo da Xunta de Goberno sobre reposición de muro e como non está de acordo presenta a denuncia.

Sobre o decreto da páxina 36-37 aparece unha factura por taller infantil As Bolechas, e sobre "pasacalles as Bolechas" pregunta de que son cada unha.

Contesta a concelleira de cultura que é dos libros dos Bolechas e da actuación destes en Mos.

O **Sr. Muíños Pumar** di que hai un alumeado que está na entrada do polígono de Veigadaña que empezou a funcionar días antes das eleccións e pasadas as eleccións deixou de funcionar.

Responde o concelleiro delegado de alumeado que falla porque roubaron o cable e que hai un cadro que falla, polo que está desconectado ata que a empresa que o fixo o arranxe.

Pregunta si ao paso, pola estrada da Deputación, do Centro dotacional antigo ao novo en Torroso está rematado.

Responde o Concelleiro da parroquia, Sr. Méndez Lago, que para a semana está previsto facer un paso elevado e en canto á acera fíxose a que estaba prevista. Explica que o asfalto dun lado da estrada é porque se fixo canalización de gas e a empresa tivo que asfáltalo.

Pregunta si os nichos que hai no cemiterio municipal son en propiedade ou concesións e que se lle aclare aos veciños, e pregunta como é a entrada realizada e que non se entende.

Responde a Alcaldesa que agora ten que facerse por un numero de anos, haberá que ver os anteriores, que na actualidade se fixo un concurso, sobre os anteriores haberá que ver que documentación hai.

Sobre a entrada, o concelleiro de patrimonio, explica que a razón é para ter acceso ao aparcamento e conseguir entrada do aparcamento dirección á estrada nacional.

O Sr. Muíños Pumar pide que se aclare a situación dos nichos canto antes.

O **Sr. Aldea Moscoso**, pregunta pola vivenda de Ludeiro de Carlos Pérez Teixeira.

Responde o Sr. Secretario que se lle deu traslado ao xurídico que levou o contencioso para que se poña en contacto cos técnicos para explicarlle os termos da sentenza.

Pide que se chegue ata ao final neste asunto.

Sobre as liñas de autobús, aínda que lle deron información no se sabe cantos autobuses chegan ou saen do Álvaro Cunqueiro.

Responde a concelleira delegada que faltan resolver pola Consellería a ampliación dos horarios.

Na Rans, o paso de peóns onde desemboca o paso elevado quedou ao nivel do asfalto e pide que se suba para reducir a velocidade dos vehículos.

Sobre o saneamento na Santa Marta había un problema con un pozo detrás das primeiras casas.

SECRETARIA

Responde o concelleiro de servizos que está corrixido, había problemática porque existían vertidos pero agora xa está todo corrixido.

Roga que se arranxe ese tramo de camiño na antiga N-550.

Responde o concelleiro que como se fixo o saneamento hai que esperar un pouco para asfaltar.

En Torroso, na antiga depuradora, se está metendo auga dun regadío.

Responde o concelleiro que non tiña constancia pero que se revisará.

O **Sr. Rodríguez Alonso**, volve a intervir para dicir que nas proximidades da Residencia Doral, de vez en cando hai vertidos ás parcelas próximas, que ademais de parcelas particulares están os mananciais de augas de Pereiras o que supón un perigo para saúde.


Responde o concelleiro que non se tiña coñecemento e que irá a velo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as doce horas cuarenta e catro minutos do vinte e sete de xullo de dous mil quince, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa
Visto e praxe


Nidia Mª Arcevalo Gómez

O Secretario Acctal.,


Víctor Rodríguez Pérez